

# PLAN DE IGUALDADE DO CEIP PLURILINGÜE NOSA SEÑORA DOS REMEDIOS

*VERSIÓN 1: aprobación 05/10/2021*

## ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
2.- CONTEXTUALIZACIÓN.....	5
3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO.....	7
4.-OBXECTIVOS COEDUCATIVOS.....	7
4.1.- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.....	7
4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.....	9
4.3.- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.....	9
4.4.- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.....	9
5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN.....	10
5.1.- Organización de centro.....	10
5.2.- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos deberes.....	11
5.3.- Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.....	12
5.4.- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.....	13
6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.....	14

## 1.- INTRODUCCIÓN

A familia e a escola son os primeiros ámbitos de socialización e de construción dunha cultura que pode cambiar e/ou perpetuar formas de pensamento e acción social así como os valores básicos e fundamentais nos que se asenta o ser humano.

Educación significa promover o desenvolvemento integral das persoas, polo que resulta necesario favorecerlo para superar as limitacións impostas polo xénero a través dun traballo sistemático e continuo de toda a Comunidade Educativa do Colexio.

O principal obxectivo dunha verdadeira educación igualitaria consistirá en formar aos máis pequenos nunha representación xusta e equitativa do mundo que nos rodea, favorecendo a igualdade de expectativas profesionais e responsabilidades familiares e sociais.

Para alcanzar unha ensinanza realmente coeducativa hai que partir non só da igualdade dos individuos; é preciso tamén introducir no currículo escolar e nas relacións na aula un conxunto de saberes que estiveron un pouco ausentes, así como unha maior valoración das actitudes e das capacidades depreciadas ata agora.

Converterase nunha responsabilidade de toda a Comunidade Educativa e levarase a cabo de forma transversal, integrando a perspectiva de xénero no currículo de toda a etapa, potenciando unha formación igualitaria e coeducativa en temas como a autonomía persoal, educación emocional, educación afectivosexual e resolución pacífica de conflitos....

É imprescindible realizar unha efectiva prevención da violencia dende os primeiros anos do alumnado, e como é habitual, para chegar ao conxunto da poboación, este debe

facerse dende os centros educativos, xa en infantil e primaria. Así, temos que facer unha escola coeducadora en aspectos coma os contidos curriculares, a interacción entre profesor e alumnado, revisión dos libros de texto e demais materiais..., na xestión xeral da aula e na do propio centro educativo. A través deste Plan de Igualdade debemos crear as condicións necesarias para potenciar as aprendizaxes para a unha vida afectiva real.

Vamos a fixarnos e prestar atención no modo de relacionarse entre si o alumnado, na forma en que conviven no ámbito escolar, familiar,....e na maneira de resolver situacións diversas propoñendo distintas formas de resolución e de xestión dos conflitos baseadas na participación, no protagonismo dos afectados, na toma de decisións, na importancia de chegar a acordos e, sempre, adoitando solucións pacíficas.

O profesorado, como formadores que somos dunha futura sociedade, debemos ter en conta que o principio básico para desenrolar unha convivencia de calidade é a igualdade real, facendo especial fincapé na igualdade de sexos, sendo esta unha demanda social á que a escola debe dar resposta efectiva.

A defensa da igualdade de dereitos entre ambos sexos parte do principio de que as mulleres, como cidadáns, deben ser tan libres coma os homes á hora de decidir. Este dereito á igualdade fundaméntase na libre convicción de que non é posible a liberdade sen igualdade e esta require a eliminación de barreiras de discriminación e de todo tipo de prexuízos da índole que sexan.

O proceso de coeducación comeza na escola e na familia – como xa dixemos – sendo estes os primeiros espazos de socialización desde os cales se compensarán os desaxustes de orixe diverso, como aqueles que proveñen de prexuízos sexistas que poden influír no

desenrolo psico-social e afectivo do alumnado. Esta coeducación velará pois, en todo momento, por unha eliminación de estereotipos entre sexos superando as desigualdades sociais e as xerarquías culturais entre nenas e nenos.

Debemos dicir, por último, que a igualdade non é a eliminación das diferenzas senón a ausencia de discriminación pola existencia desas diferenzas.

## 2.- CONTEXTUALIZACIÓN

Aínda sen contar cun Plan de Igualdade nos anos anteriores, ao longo dos distintos cursos fomos dando respostas ás inquietudes e/ou necesidades que viña demandando a sociedade actual nesta materia, revisando e modificando, se era necesario, os distintos documentos organizativos do centro . Así temos:

No *Plan de Convivencia* xa se fala dunha formación integral e coeducativa cando se citaban os dereitos e deberes da Comunidade Educativa, polo que xa o tomábamos non só como un punto importante no alumnado, senón no resto das esferas educativas. Tamén se fai alusión á igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a necesidade de que a Comisión de Convivencia garantise dita igualdade. Elaboración de programas de educación afectivo-sexual; actividades dirixidas á sensibilización da Comunidade Educativa; medidas de corrección á comportamentos sexistas... e un longo etcétera.

No *PAT* unha das actuacións incluídas era a seguinte “Incorporación de contidos relacionados coas habilidades sociais, a autoestima, a resolución pacífica de conflitos, a dinámica de grupos e a igualdade entre homes e mulleres”.

Nas *NOFC* entre os dereitos do alumnado está o de “recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente

educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.” Así mesmo, entre os dereitos, está o de “Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da Comunidade Educativa.” Cítanse igualmente algunhas funcións da Comisión de Convivencia encamiñadas á promoción da convivencia, especialmente o fomento de actitudes para garantir a igualdade e a igualdade de trato entre mulleres e homes.

No *Proxecto Educativo* cando se fala da atención á diversidade así como da transversalidade e a súa relación coa educación en valores, incídese por exemplo, en “fomentarse o desenvolvemento dos valores que axuden a acadar a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social”.

Na participación nos *Contratos Programa*, concretamente na súa liña IGUALA-T, cítase “Lonxe do carácter machista que predominaba na nosa sociedade non fai moitos anos, hoxe en día somos moito máis respectuosos na igualdade home-muller, pero aínda se pode mellorar mediante o fomento da coeducación e erradicación de algúns estereotipos presentes nos xogos ou nos xoguetes. Debemos ensinar ao noso alumnado camiñar cara traballos onde se produza unha igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Tamén debemos comezar a traballar dende o berce o respecto pola diversidade afectivo-sexual”. Así como unha serie de medidas concretas a desenvolver para acadar os obxectivos coeducativos planificados.

No propio *Proxecto de dirección 2019-2023* xa se incluía a elaboración dun programa específico de coeducación para o centro; así como promover a igualdade home-muller.

Tamén se prevé unha serie de charlas impartidas por especialistas na materia, como se fose unha escola de pais/nais, pero abertas a toda a comunidade educativa.

### **3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA**

Consideramos que a existencia desta problemática no noso centro pode considerarse baixa ou moi baixa.

Non existen apenas casos de violencia no centro, máis aló de sucesos ocasionais e excepcionais e, en ningún caso, relacionados ou motivados pola diferenza de xénero. En canto a LGTBfobia tampouco se aprecia un rexeitamento cara este colectivo, e a comunidade educativa mostrase na súa maioría tolerante e respectuosa.

No campo no que se poden ver maiores dificultades é no dos roles de xénero. Aínda abundan na nosa sociedade certos estereotipos relacionados cos roles que deben desempeñar as persoas en canto o xénero, que se reflicten nos comportamentos do noso alumnado e, seguramente, no noso propio, máis do que nos gustaría recoñecer.

Con todo, este plan trata de aplicar medidas e promover actuacións, non só para corrixir as condutas ou ideas preconcebidas inadecuadas, se non tamén para previr, educar e concienciar a toda a comunidade educativa para a igualdade efectiva en todos os ámbitos da vida con independencia do xénero e/ou a orientación sexual.

## **4.- OBXECTIVOS COEDUCATIVOS**

### **4.1.- Promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres**

- Promover o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres. Desenvolver valores persoais e sociais que promovan esta igualdade, así como unha boa formación académica que permita gozar dunha verdadeira igualdade de oportunidades na vida profesional.
- Fomentar a superación de estereotipos, prexuizos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades e xerarquías sociais baseadas nestes estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuizos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
- Educar para aprender a vivir en equidade ao longo da vida. As tarefas da vida doméstica e o coidado das persoas deberían asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres. É necesario contrarrestar os posibles estereotipos de dominación e dependencia aínda moi arraigados na sociedade.
- Promover a autonomía persoal. A aprendizaxe dos coñecementos relacionados coas tarefas e responsabilidades domésticas, que antes se consideraron esenciais para o desenvolvemento das funcións sociais das mulleres, debe ser hoxe unha necesidade para todos os mozos, dun sexo e do outro, e debe ser promover a autonomía persoal para afrontalos.
- Educar en igualdade no deporte e na actividade física. Necesitamos promover a equidade nesas áreas, tendo en conta as diferenzas entre mulleres e homes, pero sen limitar as súas posibilidades. Aínda que hai prácticas físico-deportivas estruturalmente máis relacionadas con mulleres ou homes, debería facilitarse unha elección libre e non estereotipada.



- Incluir a igualdade nos plans de formación do profesorado. Estes plans deben promover o respecto aos dereitos e liberdades, o exercicio de tolerancia, prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, igualdade de dereitos e obrigas entre homes e mulleres tanto no ámbito público. como privado, corresponsabilidade no ámbito doméstico, etc. Prestarase especial atención á detección precoz de violencia física ou psicolóxica tanto na escola como na familia.

#### **4.2.- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.**

- Educar na prevención da violencia de xénero. É necesario erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, celos, intimidacións ou calquera outra estratexia de coacción. Debe visualizarse tamén sinalando exemplos concretos do que se denominou "micromachismo", é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizais lexitimados polo ambiente social, pero que supoñen unha violencia sutil contra as mulleres e constitúen unha forma deplorable de acoso.
- Educar na detección de posibles casos de abuso ou acoso. É necesario indicar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre as formas de reacción, tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.

#### **4.3.- Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.**

- Educar sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.

#### **4.4.- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTifobia.**

- Implantar pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

## 5.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓNS

### 5.1.- Organización de centro.

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
  - O Consello Escolar está actualmente formado por 7 mulleres e 5 homes; nas comisións dentro do consello escolar contamos igualmente con representación de homes e mulleres.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
  - Actualmente non hai un responsable, pero no próximo consello escolar será elixido o/a responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, que participará no impulso do Plan de igualdade.
- Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (especialmente ás familias)
  - Difundiremos e promocionaremos este plan a través da páxina web do centro, así como da aplicación informática de comunicación coas familias co fin de que chegue a toda a comunidade educativa.
- Promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
  - Dentro do plan de formación anual do profesorado hai cursos relacionados coa igualdade, nos que o profesorado voluntariamente e con decisión propia irá participando.
  - O alumnado tamén terá xornadas de formación en materia de igualdade, tanto de profesionais externos ao centro como por parte dos seus propios mestres.
- Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
  - O profesorado do centro emprega unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.

- Todos os documentos do centro están redactados cunha linguaxe inclusiva e igualitaria.
- Visibilizar o tema cara a toda a comunidade educativa e mesmo co exterior do centro.
  - Instalarase unha gran lona microperforada e serigrafiada con motivos de igualdade en todo o contorno do patio de Educación Infantil, de xeito que se visibilice polo alumnado, profesorado, familias e mesmo polos viandantes.
  - Elaboraranse carteis e murais para traballar a visibilidade da muller no campo da Ciencia e da Tecnoloxía.
- Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
  - Animarase a ANPA do centro a organizar talleres de formación e/ou escola de familias nos que se fomente a igualdade entre homes e mulleres.
  - Buscaremos e/ou solicitaremos a colaboración altruísta con entidades próximas para a realización de actividades coeducativas.
- Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
  - Na semana do 25 de novembro realizarase un obradoiro para previr a violencia de xénero.
  - Na semana do 8 de marzo realizaranse actividades relacionadas co día internacional da muller.

## **5.2.- Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.**

- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
  - Proponse ao profesorado que revise as programacións para dar visibilidade ás mulleres relevantes en cada ámbito do saber.

- O centro adquiriu para a biblioteca un gran fondo bibliográfico sobre a educación en igualdade coa partida destinada pola Consellería para tal fin, en cumprimento do Pacto de Estado.
- Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
  - Solicítase ao profesorado e a toda a comunidade educativa que informen de calquera aspecto que supoña un estereotipo de xénero.
- Realizar actividades de sensibilización na aula.
  - Dentro das normas de cada titoría e dentro dos contidos transversais relacionados co respecto aos compañeiros e compañeiras, farase fincapé na importancia da igualdade entre homes e mulleres.
  - Haberá unha coordinación por parte do Departamento de Orientación a través do Plan de Acción Titorial.
- Cando sexa posible, aproveitaranse as actividades curriculares para reflexionar sobre os estereotipos presentes na sociedade.

### **5.3.- Xestión dos espazos, dos recursos e as oportunidades de realización vocacional de xeito inclusivo.**

- Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
  - Adquiríronse bastantes títulos con contidos coeducativos que dean resposta a todos os niveis educativos cos que contamos.
- Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais nas actividades do centro.
  - O profesorado do centro procurará que os contidos audiovisuais utilizados nas actividades do centro respecten a igualdade e a diversidade afectivo-sexual.
- Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
  - Temos precisamente en marcha un proxecto de patios activos e inclusivos.

- Procuraremos organizar o patio para favorecer a inclusión e os xogos inclusivos (rocódromo, comba, xogos con balón nos que participen nenos e nenas,...)
- Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
  - Coa inclusión da robótica educativa, pretendemos, entre outros obxectivos, realizar proxectos de innovación e tecnoloxía de maneira colaborativa.
  - Do mesmo xeito sucederá no traballo con tablets nas aulas; fomentarse o uso de aplicacións que traten a igualdade de trato e a non discriminación.
  - Dende o recuncho tecnolóxico da biblioteca tamén se levarán a cabo actividades nas tablets.
- Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado, etc.
  - Todas as actividades artísticas, tecnolóxicas, deportivas, realizadas no centro son integradoras e realizadas independentemente por nenos e nenas.

#### **5.4.- Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar.**

- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
  - Entre as normas de comportamento do centro incídese no respecto entre todas as persoas.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
  - Dentro do respecto a diversidade incídese na necesidade de respectar as diferentes características de todas as persoas xa sexan por razón de raza, xénero, diversidade sexual, capacidades,...
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
  - No ámbito das actividades recollidas no plan de convivencia designamos un equipo de mediadores que se corresponsabilizan na tarefa de velar polo cumprimento das normas, o respecto entre compañeiros e compañeiras e a resolución pacífica de conflitos.

- Fomentar na clase e fóra dela xogos e xoguetes neutros, cooperativos e compartidos. Ter en conta que o xogo e a actividade lúdica en xeral, é un dos medios de aprendizaxe e de socialización máis importantes.

## 6.- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Este plan é un documento dinámico que se irá adaptando á realidade do centro e ás circunstancias do curso escolar, realizarase unha avaliación continua do cumprimento dos obxectivos do plan, para poder axustar e engadir novas actuacións ou retirar algunha que non se poida levar a cabo.

Ao final de curso realizarase unha avaliación do cumprimento dos obxectivos a través dos seguintes indicadores:

- Respecto da promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
  - Promoveuse o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.
  - Fomentouse a superación de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc.
  - Educouse para a corresponsabilidade doméstica e de coidado das persoas.
  - Conseguiuse contrarrestar os estereotipos de dominación e dependencia.
  - Promoveuse a autonomía persoal.
  - Promoveuse a igualdade no deporte e na actividade física.
  - Incluíuse a igualdade nos plans de formación do profesorado.
- Respecto da prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
  - Educouse na prevención da violencia de xénero.
  - Visualizouse con exemplos concretos pequenas actitudes ou comentarios, que supoñen unha violencia contra as mulleres.
  - Educouse na detección de posibles casos de abuso.

- Déronse pautas sobre como actuar tanto no caso das vítimas, como das que poden ser testemuñas ou observadores.
- Respecto da promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
  - Educouse sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido a súa orientación sexual.
- Respecto da prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.
  - Implantáronse pautas para a prevención, detección e erradicación para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os seguintes cursos escolares co fin de ir completando a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos.